

JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ, secretario da SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SA (TUSSA)

CERTIFICO:

Que o Consello de Administración de TUSSA, na sesión ordinaria que tivo lugar o 12 de xuño de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E MANTEMENTO, NO PERÍODO DE GARANTÍA, DUN SISTEMA DE XESTIÓN, CONTROL E COBRO NO APARCADOIRO E DÁRSENA DE XOÁN XXIII E NO APARCADOIRO DE BELVÍS.

Á vista da proposta do Sr. presidente, sométese a votación, quedando **aprobada por unanimidade dos presentes** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Excluir á empresa SIEPARK MALAGA, SL por presentar a oferta fóra de prazo. Excluir a oferta presentada pola empresa MAQUINARIA, ESTACIONAMIENTOS Y PARKÍMETROS, SL (MEYPAR) por non cumprir os requirimentos formais da cláusula 13.3 na presentación da documentación relativa aos criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes.

SEGUNDO: Adjudicar o contrato de referencia a favor da empresa **EQUINSA PARKING, SLU**, por un importe de **135.200,00 €** (máis o IVE), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

TERCEIRO: Designar ao xerente como responsable supervisor dos traballos obxecto do contrato.

Para que conste para os efectos oportunos, asino a presente certificación co visto e prace do Sr. presidente, en Santiago de Compostela o dez de xullo de dous mil dezaioito.

Visto e prace,
O PRESIDENTE